

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36003662	CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 4º de Educación Primaria.

Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos.

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria e está presente en tódolos ámbitos (académico, familiar, social...) tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos, considerándoa o vehículo do pensamento e ferramenta do proceso ensino-aprendizaxe.

Polo tanto, a finalidade da área de Lingua Castelá é desenvolver a competencia lingüística e comunicativa do alumnado, permitindo que desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¿Que lembramos?.	E.E.: Cómic e descrición (lugar, animal e persoa). Ortografía: sílaba tónica e identificar Aguda, grave e esdrúxula; r/rr; mb/mp; Br/bl; -aba; ía/ío. Gramática: Substantivo, artigo, xénero e número, suxeito, predicado e verbo Vocabulario: sinónimos e antónimos, polisémicas e homónimas	34	54	X		
2	Defendo as miñas ideas.	E.E.: Cartel e texto argumentativo Ortografía: normas de acentuación en palabras soltas; b/v; Gramática: adxectivo, pronomes personais, Determinantes (demostrativos, numerais e indefinidos) Vocabulario: palabras derivadas - prefixos e sufixos	33	41		X	
3	Érase unha vez...	E.E.: Noticia e conto (diálogos) Ortografía: aplicar normas de acentuación.; h; Gramática: adverbio, preposicións, conxuncións e interxeccións, Vocabulario: campo semántico, léxico, palabras compostas.	33	45			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	¿Que lembramos?.	54

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Amosa interese polas linguas da contorna.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Rexeitar o emprego de linguaxe discriminatoria.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende textos orais sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Utiliza estratexias para unha comunicación positiva.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Lee diferentes tipos de texto e identificar a idea principal.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Emprega os textos para ampliar vocabulario.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos en diferentes soportes.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.	Coñece o funcionamento da biblioteca		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Utiliza unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Coñece e emprega a biblioteca.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Amosa interese pola lectura.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Comparte experiencias lectoras.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Valora a biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos sinxelos empregando modelos.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce textos sinxelos en diferentes soportes.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Adquire hábitos de revisión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Procesos: interacción oral. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral. - Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas. - Contexto

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos.
- Procesos: produción escrita.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental de referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
2	Defendo as miñas ideas.	41

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	Identifica as linguas da súa contorna.	TI	100
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Desenvolve hábitos de escoita.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Emprega estratexias para unha comunicación oral efectiva.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Emprega estratexias para a comunicación oral efectiva.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Identifica as ideas principais dun texto.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Emprega diferentes fontes para a busca de información.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte o resultado de investigacións sinxelas.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora a literatura.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Produce textos escritos de xeito coherente e atendendo ao modelo discursivo e aplicando as normas gramaticais e ortográficas.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica as normas básicas sobre ortografía e gramática.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Amplia paulatinamente o seu vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística para achegarse á súa contorna. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente. - Procesos: interacción oral. - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión oral. - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesaria - Procesos: produción oral - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión lectora. - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos, realizando as inferencias necesarias. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita. - Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics. - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos. - Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto. - Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.

Contidos

- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes entre distintas linguas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Érase unha vez...	45

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.	Rexeita usos lingüísticos discriminatorios		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Amplía o seu vocabulario		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora textos orais coherentes.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita usos lingüísticos discriminatorios.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Comprende textos e os emprega para a mellora da competencia lingüística.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura.	Adquire eficacia lectora.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.	Produce textos coherentes en diferentes soportes.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Avanza na adquisición de competencias lingüísticas.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Reflexiona sobre o emprego da linguaxe.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Adopta hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Lee textos de forma autónoma ou acompañada.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Incorpora a lectura expresiva e a comprensión de textos na práctica escolar.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita e le textos variados da literatura infantil.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece recursos básicos da linguaxe literaria.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara aspectos básicos das linguas .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - Xéneros discursivos

Contidos

- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e gustos.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, axeitados á súa idade, de diversas tipoloxías.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar unha ortografía correcta.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos procedentes de diversas fontes de información.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

Contidos

- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Atendendo ao Decreto de currículo da etapa a metodoloxía será:

- Activa, participativa e colaborativa atendendo á diversidade do alumnado.
- Distintos agrupamentos en función das actividades.
- Traballo cooperativo.
- Fomento do pensamento crítico
- Traballo manipulativo e vivencial, baseado en situacións da vida cotiá.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Pantalla dixital
Libros de lectura
Materiais de refugallo (reutilización)
Materiais de elaboración docente.
Tablets
Recursos humanos (coordinación co equipo docente do nivel)

Os materiais serán o máis variado posible para atender as necesidades de todo o alumnado, apostando por propostas manipulativas que fagan as aprendizaxes vivenciais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante probas orais e escritas para atender á comprensión e expresión oral e escrita do alumnado, e tomar esta como punto de partida para avanzar na adquisición da competencia lingüística.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación marcados polo currículo para 4º curso de Educación Primaria agrúpanse en distintos criterios de cualificación que se terán en conta para a obtención da cualificación de cada trimestre: traballo diario (30%), actitude (10%) e probas de avaliación (60%),

- A suma das porcentaxes do conxunto de criterios asociados a "traballo diario" terá un peso do 30%, neste bloque valorarase a realización das tarefas de aula, traballo individual na libreta, proxectos grupais e o día a día na aula.

- A suma das porcentaxes dos criterios de avaliación relacionados co interese pola materia, participación, respecto polas distintas linguas, rexeitamento dos usos lingüísticos discriminatorios, actitudes de xestión emocional, etc., terá un peso do 10%, correspondente ao criterio "Actitude".

- "Probas de avaliación" (probas escritas, orais, xogos, debates...): a suma do conxunto das porcentaxes do resto dos criterios de avaliación dará un total dun 60%, que irán repartidos da seguinte maneira:

- Comprensión Lectora 20%
- Expresión escrita 30%
- Expresión oral e Comprensión oral 10%

Criterios de recuperación:

No caso do alumnado que non promocioe coa materia suspensa realizarase un plan específico de reforzo o seguinte curso.

El alumnado que promociona coa materia suspensa deberá seguir con un plan de reforzo.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo as características do alumnado cóntase co apoio dos especialistas de PT e AL. Así mesmo empregaranse estratexias de apoio visual, redes de apoio entre iguais, estruturación das tarefas, variedade de actividades para a asimilación de determinados contidos.

Promoverase a colaboración e implicación das familias para atallar as dificultades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade de xénero.	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz	X	X	X
ET.3 - TIC			X

Observacións:

Ao longo do curso trátase de que o alumnado empregue unha linguaxe respectuosa coas diferencias individuais, así mesmo que aprendan a convivir e a traballar de xeito cooperativo.

Así mesmo, integraránse as Tic como recurso na aula, tanto para presentar os contidos de xeito máis atractivo como para que sexan empregadas de forma crítica e segura para as súas producións.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Noticieiro	En equipos crearan un programa de noticias coas diferentes seccións.		X	
Apadrinamento lector	Preparación, lectura e dramatización dun conto para o alumnado de infantil.	X	X	X
Visita ao xornal Faro de Vigo	Coñecer o traballo de produción e edición dun periódico.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da temporalización das diferentes unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Variedade de recursos que faciliten a aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Variedade de agrupamentos e de metodoloxías adaptadas as tarefas a desenvolver.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación das actividades as dificultades do alumnado. Actividades de reforzo nos contidos que supoñan máis dificultades.
Clima de traballo na aula
Motivación e colaboración do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Intercambio de información e fomento da colaboración.
Outros
Emprego de diferentes técnicas e instrumentos de avaliación.

Descrición:

O proceso do ensino e a practica docente será continuamente avaliada ao longo do curso para incorporar as modificacións oportunas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico un seguimento para comprobar se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas sigan o calendario previsto.

Ante calquera dificultade, realizaránse os cambios que se consideren oportunos e os axustes necesarios para adaptarnos aos intereses e ritmos do alumnado.

9. Outros apartados